

## INSTRUCCIÓN SOBRE O CÁLCULO DO PLAN ELECTORAL (V6)

Na web da Consellería do Mar tedes a disposición un espazo destinado ao “Proceso electoral de confrarías de pescadores”, nel podedes atopar diferentes modelos de documentos que vos facilitarán a tramitación de tódalas fases do proceso electoral.

<https://mar.xunta.gal/es/o-mar/o-sector/confrarias-de-pescadores/proceso-electoral-de-confrarias-de-pescadores/modelos-elecciones-xerais>

De cara á elaboración do plan electoral, facilitamos unha ferramenta que permite calcular o número de vogalías tanto da xunta xeral como do cabido.

1. Dita ferramenta preséntase tanto en formato excell (.xls) como en formato Calc (.ods), debendo utilizar esta última no caso de dispoñer do paquete ofimático de libreoffice.

No arranque do arquivo pode aparecer algunha advertencia de seguridade, de vista protexida ou que faga referencia á habilitación de macros. A estes efectos e, en función da mensaxe que nos saia poderase actuar do seguinte xeito:

- a) Vista protexida » Premer botón HABILITAR EDICIÓN.
- b) Advertencia de seguridade » Premer botón HABILITAR CONTIDOS.
- c) Habilitación de macros » Ferramentas/Opcións/Libreoffice/Seguranza/Seguranza das macros/Nivel de seguranza/ Baixa

Para o seu correcto funcionamento deberase descargar o arquivo no ordenador para poder traballar con el.

2. Soamente se pode incorporar información nos seguintes campos:

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO  
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños  
15701 Santiago de Compostela  
Teléf. 981-546177  
[cma.dxdesevolvemento@xunta.gal](mailto:cma.dxdesevolvemento@xunta.gal)

- a) Engadir o nome da confraría (na columna que aparece en cor lila).
- b) "Sectores de produción" (columna laranxa): que poden ser modificadas segundo as necesidades de cada plan electoral.
- c) "Nº de afiliados/as" (columna laranxa: para cada sector de produción introducirase o número de afiliados/as que lle corresponden segundo o censo electoral.

**3.** Unha vez introducidos os datos para cada sector de produción dentro de cada colectivo, premer o botón "Calcular nº vogais".

Deste xeito calcularase o reparto de vogais da xunta xeral e do cabido.

A ferramenta mostra tamén a matriz de resultado das divisións realizadas por cada sector, o cal nos permite comprobar que o reparto de vogais se axusta ao resultado presentado.

**4.** Debe terse en conta que cando nunha confraría os Tripulantes se constitúan nun sector de produción de traballadores, deberase modificar unha das etiquetas dos sectores de produción e substituíla por Tripulantes.